

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 30 de novembro de 2017 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe:

“5.- Proposta de alcaldía relativa á modificación do artigo 4.2 da ordenanza fiscal do imposto de vehículos de tracción mecánica.

Deuse lectura á proposta de alcaldía epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa á modificación do artigo 4.2 da ordenanza fiscal do imposto de vehículos de tracción mecánica.

Con data 11 de outubro recibimos un escrito do Servizo Provincial de Recadación, solicitando aclaración da interpretación que debe darse ó artigo 4 en relación á documentación que deben presentar os suxeitos pasivos para beneficiarse da exención relativa a persoas con mobilidade reducida, xa que segundo ese servizo caben dúas interpretacións para atender as solicitudes:

- Que coa declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención, queda acreditada esta circunstancia sen prexuízo de que outra persoa sexa o condutor habitual ou ocasional do vehículo, que deberá aportar o seu permiso de condución e que figure, como tal, na póliza do seguro.

- Que si figura outra persoa como condutor habitual ou ocasional na póliza do seguro haberá que desestimar a solicitude.

Tendo en conta o artigo 12 da Lei 58/2013, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que establece que “1. As normas tributarias interpretaranse con arreglo ó disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código Civil. 2. En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ó seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda”.

Tamén establece no apartado 3, e referido ó ámbito da administración do Estado, que as disposicións interpretativas ou aclaratorias previstas neste apartado publicaranse no boletín oficial que corresponda.

Polo exposto, proponse ó Pleno a adopción da seguinte interpretación do artigo 4.2 da Ordenanza reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Primeiro.- Que a acreditación do destino do vehículo será suficiente coa declaración ou manifestación do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención, con independencia de quen figure como condutor habitual na póliza do seguro.

Segundo.- Publicar o seguinte acordo interpretativo no BOP de Lugo en cumprimento do artigo 12.3 da LXT.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial de Lugo, órgano encargado das facultades de xestión e recadación do imposto por delegación deste Concello”.

Ó non promoverse o debate, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (10) en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos”.

O que se publica en cumprimento do disposto no artigo 12.3 da LXT.

Láncara, 19 de decembro de 2017.- O alcalde, Darío A Piñeiro López

R. 3786

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de decembro de 2017, aprobou a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COMIDAS ÓS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDOY” EXPTE. REF 48-2017**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) Obtención de documentación e información:

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 48/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Servizos

b) Descrición: É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de comidas ós usuarios do Centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención ás persoas maiores sito na rúa Carril das Hortas segundo o disposto no prego de prescricións técnicas elaborado pola xefa de servizo de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

c) División por lotes: Non

d) Lugar de execución/entrega: Término municipal de Lugo

e) Prazo de duración/ Prazo de execución: A duración do contrato será de DOUS AÑOS contado a partir da data da súa formalización. O contrato poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos anuais ata un máximo total de CATRO ANOS incluído as prórrogas, previo acordo do órgano de contratación que se adoptará con un mes de antelación á finalización do contrato.

f) Admisión de prórroga: Sí, prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS

g) Establecemento de acordo marco: Non

h) CPV : : 55300000-3 Servizos de restaurante e de suministro de comidas

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adxudicación: Ver cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 292.692,07 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

60.977,52 euros máis o IVE (10%) . Total. 67.075,28 euros IVE incluído.

6.- Garantías:

a) Provisional: NON procede

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia: A sinalada na **cláusula sexta** do prego de cláusulas administrativas

b) Clasificación: Non

c) Outros requisitos: En particular, os licitadores deberán presentar obrigatoriamente a certificación de estar rexistrados no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos e, se é o caso, no rexistro autonómico

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil

b) Modalidade de presentación: formato papel.

c) Lugar de presentación:

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) Admisión de variantes: Non**e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.**9.- Apertura das ofertas.****a) Entidade:** Concello de Lugo**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)**c) Localidade:** Lugo

d) Data e hora: O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións ás 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 86,84 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas na cláusula décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 21 de decembro de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3788

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o trinta de novembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o acordo de tomar razón da aprobación definitiva da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS HORTOS URBANOS, cuxo texto é como segue:

“ORDENANZA MUNICIPAL DE HORTOS URBANOS**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Lugo, como Administración máis próxima á cidadanía do noso municipio, a través da implantación dos hortos urbanos e a súa regulamentación por medio desta ordenanza pretende cumprir diversos obxectivos que se enmarcan dentro da protección ao medio ambiente, a mellora da calidade de vida das e dos seus habitantes, o reforzamento das relacións sociais entre todas e todos, o desenvolvemento da cultura do ocio, ou a propia mellora na calidade alimentaria que redundará indubidablemente no beneficio da saúde e das prácticas medioambientais relacionadas coa produción agrícola, obxectivos que, por outra banda, xa foran marcados pola Axenda 21 Local que no seu Plan de acción establece como programa a creación destes hortos.

Coa posta a disposición dos hortos urbanos dótase ao municipio dun espazo de convivencia social ao redor do cultivo individual de pequenas parcelas que á súa vez permiten a obtención de cultivos ecolóxicos para autoconsumo, baseado na utilización de técnicas respectuosas co medio ambiente que lles faciliten ás persoas en xeral, pero sobre todo a aquelas con escasos recursos, o acceso a hortos ecolóxicos cultivados por elas mesmas, favorecendo, ao mesmo tempo, a integración e coexistencia entre as culturas do agro e da cidade que enmarcan a nosa identidade como cidade con fonda tradición rural.

Conforme ao disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta Ordenanza de hortos urbanos axústase aos principios conforme aos cales se exercerá a potestade regulamentaria, e en concreto:

- Ao principio de necesidade e eficacia, dado que poñer a disposición da cidadanía de Lugo hortos para o seu cultivo, darlle un uso sostible aos espazos públicos, a mellora do medio ambiente e calidade de vida das e dos veciños, e o desenvolvemento social, cultural e de ocio configúranse como razóns de interese real e xeral.

- Ao principio de proporcionalidade e seguridade xurídica, xa que ao tratarse de espazos públicos tense que regulamentar o seu uso, de xeito que todas e todos poidan acceder a eles, regulamentación que, ao mesmo tempo, é clara e facilmente comprensible para todas e todos.

- Ao principio de transparencia, xa que previamente á súa aprobación, e de conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, e co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de